

“Os camiños fan amigos”

SANTIAGO de COMPOSTELA





O tempo era o propio da época e do lugar, engadíndolle maxia ao evento. Santiago amañecía coa cariña dura do mes de marzo e poucas festas nos faciamos cando tocaba poñerse na rúa.

Inda así, o ilusionado grupo que alí estábamos tivo tempo de retratarse na praza do Obradorio, antes de entrar ao Museo Catedralicio. Fixemos o percorrido habitual. Viaxamos no tempo e coñecemos como a partir dun sepulcro se constrúe unha gran catedral en torno á cal, ao longo dos séculos, foi crescendo unha cidade e todo un fenómeno xacobeo que, co Camiño de Santiago.

Repasamos as orixes da Catedral; o Mestre Mateo; o coro pétreo do Mestre Mateo e a construción da catedral románica. Movémonos entre os séculos XIII e XIV; logo nos séculos XVI, XVII e XVIII e profundamos na figura do Apóstolo Santiago.

Logo, tocounos gozar, ben guiados, coa visión do Pórtico da Gloria, que non o tiñamos visto tras a súa última restauración.



Ao saír, o marabillioso astro “Lorenzo”, fíxose protagonista do día o que permitiu un bucólico e agradable paseo ata o Auditorio de Galicia, lugar onde iríamos xantar.

Ao ter tempo sobrado, aproveitamos o Sol na galería do comedor para un aperitivo e gozar da visión do estanque cos parrulos.



Tras repoñer forzas e darlle un pouco á fala para poñernos mais ao día, saímos cara a Cidade da Cultura (Gaiás), para facer unha visita guiada a exposición: ***Galicia, un relato no mundo***, que explora a interacción entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido que nos levou desde a prehistoria ata a actualidade. Concibida como a primeira de tres grandes exposicións da Xunta con motivo do Xacobeo 2021, céntrase nas relacións internacionais de Galicia e a súa presenza no mundo. Tivemos a oportunidade de ver xuntas destacadas pezas de alto valor

simbólico para a historia e a cultura do noso país e que se atopan en prestixiosas coleccións museísticas en distintos recantos do mundo.

Regresamos co gozo dun bo día, ben aproveitado en todos os sentidos, e coas ganas de repetir a experiencia. Cultura e amizade poden ir da man!

